

**AGPI - ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN
ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**

27 de outubro de 2012

Salón de actos do Centro Cultural Novacaixagalicia
(Rúa do Vilar 19, 15705 Santiago de Compostela)

Primeira convocatoria: 17:00 h
Segunda convocatoria: 17:30 h

A sesión comeza ás 17:54. Na sala están presentes 40 persoas.
Séguese os puntos da orde do día.

- **Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da asemblea anterior**

Procédese á lectura da acta anterior, que queda aprobada polos socios presentes.

Como preámbulo da exposición dos informes, o presidente agradece a participación activa na asociación das novas incorporacións (Bernal e José Domingo), e fai un chamamento á participación dos socios. Lamenta que non fose posible facer unha nova Guía AGPI, e manifesta o seu desexo de que poida ser finalmente en 2013. Nun breve repaso á actualidade da asociación, refírese ao éxito do perfil de Facebook, que ten xa 1500 amigos, aos que hai que engadir os seguidores na conta de Twiter. Comenta a actividade de Xan López Domínguez, como enlace da asociación en FADIP, que tivo unha participación moi activa na última reunión. Valora moi positivamente a caseta no festival coruñés Viñetas desde o Atlántico. No capítulo de actividades que deixaron de facerse, comenta o cesamento das Tertulias AGPI, debido á escasa participación.

Polo que respecta aos plans de futuro, anuncia un maior peso e participación da asociación na súa participación no festival Cultural; o reinicio de contactos co Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Interpelado sobre a cuestión de abrir novos contactos cos medios de comunicación, comenta a posibilidade de contar para tal fin con Fernando Esclusa, a quen contrata a asociación como xefe de prensa no caso do Encontro.

- **Informe económico e aprobación, no seu caso, das contas de 2011**

Explícase como, a pesar de que durante 10 anos a asociación sempre tivo máis ingresos que gastos, en 2012 tivo que empregar os aforros e autofinanciar as actividades. Aínda así, tentouse conseguir financiamento para as actividades.

O presidente aproveita a ocasión para pedir un voluntario para ocupar o posto de tesoureiro, vacante, e explica en que consisten as funcións do cargo. Diego Sendón ofrécese a ocupar o cargo.

Como os informes económicos de 2011 só chegaron aos socios uns días antes da asemblea, Alfredo López *Tokio* propón que se aproben as contas pero que se dean 15 días para que os socios poidan ter a oportunidade de ler os informes económicos e facer, no seu caso, algún tipo de alegación. Apróbanse as contas con unha semana de marxe para alegacións. [Addenda: transcorrido o prazo acordado, non se presentou ningunha alegación, polo que as contas quedan definitivamente aprobadas.]

- **Previsións de tesourería para o ano en curso**

Sobre o estado da tesourería na actualidade, o presidente apunta que na conta bancaria a asociación ten 19.300 euros. Os gastos trimestrais son de arredor de 3000 euros, e os ingresos por cotas de socio, de arredor de 4000 euros.

Sekone pregunta se estar na sala en que se desenvolve o Encontro lle custa diñeiro á asociación. Coméntaselle que este ano si, e que se valorarán outros posibles espazos para a seguinte edición. A este respecto, Fran Bueno pregunta por que non aproveitar as instalacións que se nos ofrecen na Cidade da Cultura. O presidente responde que a asociación aceptaría se houberse máis facilidades, xa que supón moitos problemas loxísticos (traslado, falta de restaurante...).

Sobre a Deputación da Coruña, coméntase que no ano en curso aínda non houbo noticia de concesión de subvención.

- **Repaso das actividades desenvolvidas no exercicio 2011-2012**

- **Actividades para os socios e actividades públicas**

Cursos AGPI. José Domingo explica que o primeiro curso, sobre cor dixital, tivo unha grande acollida, ata o punto de ter que ampliar o número de prazas inicialmente previstas.

Ilustranoite na Coruña. O seu éxito fixo que o local se quedase pequeno.

Festival Viñetas desde o Atlántico. Ademais do posto habitual no mercado do festival (Idoia de Luxán explica a experiencia recollida no stand: foi todo un éxito, e con moita asistencia de xente), desenvolveuse unha actividade de revisión de portafolios, aberto a todo aquel ilustrador interesado, co propósito de dar a coñecer a asociación. Xorde o tema sobre a polémica suscitada no grupo de correo electrónico no seu momento, en relación co tema económico (a directiva acordou pagar 100 euros por unha sesión de dúas horas a cada un dos catro ilustradores que facían ditas revisións). Desde a directiva reafirmase que se estima que o lóxico, como asociación profesional, é pagar o labor dos profesionais involucrados polo seu tempo e a súa experiencia. En calquera caso, tómanse en conta as críticas para revisar a actuación para casos similares no futuro. Suso Cubeiro avoga por que a xente achegue as súas críticas, pero que iso non pode significar que por protestar tan só un dos socios se teña que deixar de organizar determinada actividade. Tokio di que a xunta directiva é elixida en asemblea e é a que toma as decisións, pero debe atender ás suxestións ou peticións dos socios, aínda que iso non significa que a directiva non teña poder de actuación, xa que, se non, non se faría nada. O presidente contesta que cada actividade é diferente, e así como ten habido exposicións remuneradas e outras non, propón establecer un protocolo para este tipo de actividades.

Sobre outra polémica aparecida no grupo de correo, sobre se imprimir e enviar os programas do Encontro por correo postal, desde a directiva faise a consideración de que é importante imprimir o programa do Encontro (para a publicitación en lugares físicos como tendas ou o propio lugar de realización, para o seu uso no propio encontro, para informar os medios...), pero si se pode articular un sistema para que só reciban comunicacións por correo postal aqueles socios que non manifesten o contrario. É o caso tamén do boletín *Agpirina*: considérase importante que haxa versión impresa, pero pode facerse que non o reciban os socios que non o queiran recibir en papel. Fran Bueno pregunta canto custa a impresión de cada boletín *Agpirina*; o secretario técnico responde que o último custou concretamente 200,7 euros. Luis Sendón propón enviar parte da tiraxe ás escolas de arte.

Outlet do Libro de Pontevedra. Coméntase como foi a experiencia piloto de poñer á venda láminas de ilustradores a prezo especial. O secretario técnico comenta que, á parte de que a estrutura loxística para facturar os traballos é especialmente complicada (moitos ilustradores non facturan habitualmente con IVE, e ese é un problema á hora de vender láminas), as vendas foron moi pequenas. Por outra parte, a organización do outlet estima que sería mellor que as láminas fosen na súa propia embalaxe, o que quita toda a rendibilidade, dado que os prezos son moi reducidos. Valórase a experiencia, pero non se ve clara unha continuidade.

– Actuacións perante a Administración e outros organismos

Os contactos co secretario xeral de Cultura, Anxo Lourenzo, deron a esperanza de contar coa sinatura dun convenio coa Xunta, pero, a pesar de térselles recordado o compromiso en repetidas ocasións, non volveu haber noticias. O presidente asegura que se volverá retomar o contacto coa Xunta, e que a esperanza é conseguir por esa canle financiamento para unha nova Guía de ilustradores.

• Proposta de actividades e actuacións para 2012-2013

Cursos AGPI. A previsión é organizar cursos noutras cidades; barállase como seguinte curso un sobre entintado manual e dixital, que se imparta primeiro en Vigo e despois na Coruña. Outro curso sería sobre a creación de portafolios dixitais e promoción ante editores e outros posibles clientes, e neste caso a idea sería que fose en Santiago. Ao contrario do que ocorreu no primeiro curso, estúdase prescindir de incluír a comida, para abaratar custos. En todo caso, a idea é manter os cursos abertos a xente allea á asociación.

Ilustranoite. A perspectiva é continuar a desenvolvelos, pero quizás sen montalos no mesmo día que os cursos e en diversas cidades (Vigo, Pontevedra...); requírese para iso a colaboración da xente que coñeza locais da súa cidade, o ambiente e a xente. En todo caso, a valoración é que son moi atractivos e no supoñen custo para a asociación. Están en estudo tamén outras actividades de tipo máis lúdico, como poden ser os «combates de debuxantes» e os «concertos ilustrados».

Festival Cultural. Está prevista a participación da asociación, na nova edición, que se desenvolverá o 30 de novembro e o 1 e 2 de decembro. Están a organizarse entrevistas con empresas para socios que teñan proxectos que presentar; no momento hai xa 12 solicitudes de participación. Haberá ademais unha presentación pública na zona do

festival denominada «Garaxe» (rodeada de empresas do sector audiovisual), aberta aos ilustradores interesados. Xusto despois da exposición haberá unha mesa para que o público poida falar directamente co autor. Tamén se prevé organizar un «cadáver exquisito» no stand da asociación, coa intención de dar visibilidade ao traballo de ilustrador.

Salón do libro de Pontevedra. Estase en fase de propor novos proxectos; sábese que nesta edición o tema serán «as máquinas». Alberto Guitián propón que se aproveite ese marco para organizar unha revisión de portafolios ou ben un visionado destes coas editoriais ou as empresas que participen no salón.

- **Renovación da xunta directiva: presentación de candidaturas**

Non se presenta ningunha candidatura alternativa, polo que a directiva actual pide voluntarios para novas incorporacións.

- **Votación e elección da nova xunta**

Coas novas incorporacións, a candidatura única que se presenta está composta por:

- Santy Guitiérrez, como presidente;
- Alberto García Ariza, como vicepresidente, e ademais como webmaster;
- Almudena Aparicio, como secretaria;
- Diego Sendón, como tesoureiro;
- Idoia de Luxán, Hugo Covelo, Sergio Covelo, Ana Santiso, Alberto Guitián, Quico, Suso Cubeiro, Bernal Prieto, Sekone, Augusto Metzli, Diego Ogando *Xpen*, Xan López Domínguez (como enlace con FADIP) e José Domingo como vogais.

Na votación, todos os presentes votan a favor, excepto unha abstención.

Santy Guitiérrez anuncia que deixará a presidencia da asociación o ano próximo, coincidindo co décimo Encontro Galego de Ilustración.

- **Rogos e preguntas**

Sekone reflexiona sobre a necesidade de participar activamente na asociación, e sobre se hai ou non unha excesiva dependencia das subvencións. Dado que se trata dunha asociación de creativos, avoga por afrontar un cambio de actitude, e por exemplo darlle un xiro ás publicacións, e presentar un novo formato que se poida mesmo vender para xerar novos ingresos para a asociación. O presidente responde que desde a asociación sempre se propuxeron os proxectos directamente, sen esperar ás institucións, pero que estas cuestións requiren un grande esforzo económico. Non obstante, avanza que será un tema que se tratará na seguinte reunión da xunta directiva.

Diego Sendón comenta o mal estado en que chegan as publicacións por correo. O secretario técnico anima a pedir novos exemplares á asociación se suceden cousas así.

Bernal Prieto propón unha maior participación da asociación noutros eventos sobre cómic, á parte do Viñetas; por exemplo, as Xornadas de Ourense ou o Salón de Cangas. Propón que, ademais da sección «Agpi BD» se conformen no seo da asociación outras

novas dedicadas a outras disciplinas da ilustración.

José Domingo, no ámbito das redes sociais, propón enlazar entre si os perfís que a asociación ten en Facebook e Twitter.

E sen máis temas que tratar, péchase a sesión ás 20:00 h.